Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Encantamento do Barreiro

A Campa do Barreiro é un lugar da Serra dos Ancares, concello de Cervantes (Lugo).

Un xastre que ía coas cabras para levalas ás brañas pasou polo Barreiro e ó chegar a un prado que era dun veciño observou que estaba instalado un posto como os que hai nas feiras e que ofertaba moitas e moi variadas cousas... ¡mesmo tesoiras!

Este posto ambulante era atendido por unha rapaza loira moi fermosa, elegante e disposta.

O xastre, ó pasar por diante, sentiu que o chamaban:

¡Oia señor! ¡Oia señor! ¡Faga o favor!

O xastre achegouse onda ela e esta díxolle:

¡Señor! ¿Que é o que máis lle gusta de todo o que aquí hai?

El, como era xastre, contestoulle :

¡As tesoiras!

A rapaza entón deullas, ó tempo que lle dicía:

¡Pois tómeas! ¡Se as cravara no seu corazón! ¡Se me houbese elixido a min podería ir con vostede e ser felices os dous!

Dicindo isto desapareceu a rapaza e o posto.

¡Claro, a moza era unha princesa que tiña un encanto!

[Texto remitido por José María Carricoba Armesto, Lugo]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

Esta lenda foi recollida na década de mil novecentos noventa en Xantes de Donís, Cervantes, (Lugo). O informante foi Xesús da Casa de Baixo.